

A stylized illustration of a house with a yellow roof, a pink chimney, and a purple door. The house is set against a light blue background. The text is overlaid on the house.

# BENVINDOS AO C.E.I.P. COUTADA BEADE

**AULA 3 ANOS**

**TITORA: CARMEN**

# PERIODO DE ADAPTACIÓN

- Durante o mes de SETEMBRO (dende o día 10 ao 30) os nenos e nenas de 3 anos asistirán nun horario diferente ao habitual debido o [Período de adaptación](#).
- Para que se leve a cabo de xeito satisfactorio é importante ter en conta os seguintes aspectos:
  - Non infundir medos cara a escola.
  - Despedirse con normalidade para transmitirle seguridade.
  - Non mentirle ao neno/a.
  - **PUNTUALIDADE** a hora de entrada e saída establecida.
  - Traer e recoller ao neno/a na entrada onde se fan as filas.
  - **SÓ** un acompañante por neno/a
  - Traer unas toallitas na mochila.



# MEDIDAS COVID-19



- **NON SE PODE** traer aos nenos/as enfermos ao centro educativo.
- As familias non poderán entrar a zona das aulas nin ao recinto escolar agás as de infantil.
- **SÓ** se permite **UN ACOMPAÑANTE** por neno/a.
- Os de infantil entrarán e saíran pola porta principal e colocaranse en fila encima de marca do chan co seu acompañante mantendo a distancia de seguridade.
- **É MOI IMPORTANTE** ser puntuais para evitar aglomeracións.
- **NON** está permitido que os nenos traian o seu propio hidroxel.
- Para facer calquera tramite no centro, ben sexa unha titoría ou falar con dirección deberán pedir **CITA PREVIA**.
- Está **PROHIBIDO** que os nenos/as sexan recollidos no centro por persoas non pertencentes a familia ou convivintes.

# MEDIDAS COVID-19 AULA



- Os nenos/as van estar agrupados de 4 en 4 tendo en conta a distancia de seguridade.
- A aula ventilarase antes da entrada dos nenos/as e en cada cambio de clase.
- Os nenos/as botarán hidroxel antes de entrar a aula.
- O lavado de mans constantemente será fundamental.
- Desinfectaremos antes e despois da hora da merenda.
- Os xoguetes que usen os nenos/as serán desinfectados.
- O material dos nenos/as estará gardado nun tupper e será de uso individual.
- Só poderán ir de un en un ao baño que se desinfectará 3 veces no día.
- Os nenos/as deberán levar a mascarilla posta durante a xornada escolar e unha de reposto nunha bolsa ZIP
- Na hora do recreo só se relacionarán cos da propia clase e estarán en espazos separados.
- NON se pode traer ningún obxecto persoal da casa.



# HORARIO ESCOLAR

- Agás en Setembro o horario do centro é de 9:00 a 13:45. **É FUNDAMENTAL A PUNTALIDADE.**
- As portas abriranse as 08:50. A calle será só nun sentido único.
- No caso de chegar tarde, tedes que timbrar e esperar a que vos abran.
- CITAS MÉDICAS.
- Hai que xustificar as faltas de asistencia ou ben por escrito ou pola aplicación [ABALAR](#) que debedes descargar no móbil para comunicarvos comigo.

# NORMAS NA AULA

1

## CONTROL DE ESFÍNTERES

- Nos hábitos de hixiene e limpeza os nenos e nenas que se incorporen ao colexio deben ter **control de esfínteres**. Teñan en conta que deberán adquirir independencia para ir ao WC, tanto para o uso dos sanitarios como da **limpeza persoal** que supón
- Deberán traer una **muda completa** nunha caixa de zapatos co nome do neno/a.

2

## ROUPA E CALZADO

- Deben vir sempre á escola vestidos con roupa cómoda e con zapatillas de velcro. **TODA A ROUPA CON NOME**.
- Teñen que traer un mandilón de cor **VERMELLA** con botóns grandes pola parte dianteira, co seu **NOME** e cunha cinta elástica para colgalo na percha. Todos os venres irá a casa para lavar e deberá estar de volta o luns.
- Os días que teñan psicomotricidade deberán vir en chandal.

# MERENDAS



ALERXIAS  
ALIMENTARIAS



- Para a hora da merenda os nenos/as deberán traer unha mochila pequena que incluírá
  - Un táper coa merenda co seu nome
  - Unha botella de auga co seu nome.
- Enviaremos dende o equipo de educación infantil un calendario de merendas que deberedes cumprir.

ANIVERSARIOS



Esta PROHIBIDO traer comida ou agasallos

# TITORÍAS E ENTREVISTAS INICIAIS

- DURANTE O MES DE SETEMBRO IREI CONVOCANDO AS DIFERENTES FAMILIAS PARA FACER UNHA ENTREVISTAL INICIAL.
- **SÓ** PODE VIR **UNHA** PERSOA POR ALUMNO.
- O horario de titoría é o martes pola tarde **de 16:00-17:00**. (Sempre solicitando unha cita previa).





# OUTRAS CUESTIÓNS

- Durante este curso escolar en principio non se realizarán SAÍDAS.
- Os servizos de comedor, madrugada e extraescolares de momento están cancelados.
- Si funciona o transporte escolar do mesmo xeito que sempre.

GRAZZAS